

VII CAMPAMENTO GALEGO EXTRATERRITORIAL

**Arrimal - Porto de Mós
(PORTUGAL)**

Del 6 al 9 de diciembre



Organiza



G.E.S. MONTAÑEÍROS CELTAS




FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

Colabora



Un ano máis, tirando desta recia corda, dispómonos a organizar a segunda actividade oficial do calendario da Federación, ao non haber máis clubs voluntarios a facela.

A cita será no Parque de Campismo de Arrimal, en Porto de Mós, Portugal e as nosas miras estarán no Parque Natural das Serras Mira do Aire e Candeeiros, macizo calcáreo por excelencia do territorio portugués. O Parque Natural das Serras de Aire e Candeeiros é a máis importante representación das formacións calcáreas existente en Portugal; profusión de “grutas” e “algares”; ausencia de ríos superficiais orixinando unha importante rede hidrográfica subterránea; cobertura vexetal adaptada á sequedade do chan, con vastas áreas de matorral, olivais datados da época dos monxes de Cister, interesante flora de plantas medicinais e aromáticas, importantes poboacións de morcegos e presenza de numerosas aves, destacando a gralla de pico vermello; industria de canteiras moi activas, paisaxes agrestes e excelentes vistas sobre a Estremadura portuguesa.



!!!Esperámoste!!!

Programa

(o horario sempre é na hora local)

Xoves, 6 de decembro de 2007

12:00 a 14:00 horas: recepción participantes e entrega documentación

16:00 a 20:30 horas: distribución de grupos e actividade en cavidades

22:00 horas: cea

Venres, 7 de decembro de 2007

10:00 a 20:00 horas: actividade

21:30 horas: cea conxunta

Sábado, 8 de decembro de 2007

10:00 a 20:00 horas: actividade

22:00 horas: cea

Domingo, 9 de decembro de 2007

10:00 a 12:00 horas: actividade

13:30 horas: comida e clausura

Regulamento

- O VII Campamento Extraterritorial celebrarase en Arrimal, concello de Porto de Mós (Portugal), os días 6, 7, 8 e 9 de decembro do 2007.

- Poden asistir ó Campamento tódolos espeleólogos que posúan a licencia de espeleoloxía, con cobertura no territorio portugués, do ano en curso. Os menores de idade necesitan permiso paterno e deberán asistir baixo a tutela dun adulto.

- Os participantes levarán material para acampada e manutención.

- Os participantes acudirán con material necesario de progresión en cova, tanto individual como colectivo.

- Os Clubs deberán envia-la relación de participantes á Federación Galega de Espeleoloxía (info@espeleoloxia.org ou Teléfono– Fax: 981291087) antes do día 29 de novembro de 2007 e/ou a Club Montañeiros Celtas (HYPERLINK "<mailto:espeleo@celtas.net>" espeleo@celtas.net, teléfono 986 438505, fax 986912220).

- Os participantes respetarán en todo momento as normas do PARQUE NATURAL e do lugar de pernocta.

- A Comisión Organizadora non se responsabiliza de calquera posible accidente e declina toda responsabilidade. Calquera dúbida será resolta pola Organización.

- Os casos non previstos no presente regulamento serán resoltos pola Comisión Organizadora.